




**UNIVERSIDADE DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA**



Facultade de Dereito  
DECANATO  
Campus universitario sur  
Santiago de Compostela (España)  
Tel. 981 563 100  
Fax 981 591 554

**RESOLUCION DE 30 DE SETEMBRO DE 2005, DO DECANO DA FACULTADE DE  
DEREITO, POLO QUE SE CONVOCA PROCEDIMENTO PARA O CAMBIO DE GRUPO NO  
CURSO 2005 - 06**

A normativa da Universidade para a organización docente de primeiro e segundo ciclo, aprobada pola Xunta de Goberno o 31 de outubro de 1996 establece que é competencia dos centros a publicación dos criterios de distribución dos alumnos entre os distintos grupos, así como a regulación do procedemento para a solicitude de cambio de grupo e dos criterios para a resolución destas peticións.

Ata que sexa posible establecer un sistema de elección directa de grupo por parte dos alumnos no momento de efectuar a matrícula, posibilidade que pode materializarse no curso 2006/2007, resulta necesario habilitar procedementos transitorios para atender as demandas de cambio de grupo.

Neste senso, a Comisión Permanente da Facultade, na súa reunión do 26 de setembro de 2006, aprobou como principios xerais para o réxime de cambio de grupo para o curso 2005/2006 os seguintes.

- Debe darse un tratamento diferente ás necesidades de cambio derivadas de motivos laborais, e as restantes solicitudes.
- As posibilidades de cambio non teñen máis límite que a razoabilidade do número de alumnos por grupo que permita un axeitado desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe. Ese límite establececese no 30 % do grupo teórico derivado da matrícula do curso anterior.
- No caso de que as solicitudes para un determinado grupo sexan superiores ó número de prazas dispoñibles, deberán tomarse como criterios preferentes: o número de créditos para os que se solicita o cambio; o feito de ter suspendido previamente a materia para a que se solicita o cambio e a nota media do expediente dos solicitantes.

Por todo o anterior,

**RESOLVO**

**ARTIGO 1. - DOS GRUPOS**

Nas materias troncais e obrigatorias, os alumnos están adscritos inicialmente ós diferentes grupos previstos no PDA en función da inicial do primeiro apelido. Os grupos, para o curso 2005-2006 configúranse do seguinte xeito: Grupo A (A-E); Grupo B (F-L); Grupo C (M-Q); Grupo D (R-Z).

**ARTIGO 2. - SOLICITUDES DE CAMBIO DE GRUPO**

Os alumnos matriculados nos estudos correspondentes ó Plan de Estudos de 2003, poderán solicitar cambio de grupo nas materias troncais e obrigatorias de acordo coas seguintes regras:



**Regra.01** *Número máximo de prazas para o cambio.*

O número de prazas a adxudicar no proceso de cambio para cada grupo dunha determinada materia será o 30 % do número teórico de alumnos do grupo, considerando como tal o resultado de dividir o nº de alumnos matriculados na materia no curso 2004-2005 entre o nº de grupos.

**Regra.02** *Modalidades de cambio de grupo.*

a) Existirán dúas modalidades de solicitude de cambio de grupo:

*i) Solicitude de cambio extraordinaria por motivos laborais.* Poderán solicitar o cambio de grupos por esta modalidade os alumnos que acrediten cumpridamente incompatibilidades de quenda coa actividade laboral aportando a documentación acreditativa, xuntamente coa súa solicitude.

A resolución do procedemento por motivos laborais será independente dos outros dous procedementos, non computándose estas prazas ós efectos do límite previsto na regra 01.

*ii) Solicitude de cambio ordinaria.* Os alumnos poderán solicitar o cambio de grupo para algunha ou todas as materias nas que se matricule ou pretenda matricularse.

b) As dúas modalidades de cambio de grupo resultan incompatibles, polo que cada alumno só poderá presentar solicitude por unha das dúas modalidades previstas.

**Regra.03** *Prazo de presentación da solicitude.:*

As solicitudes deberán presentarse entre o **3 e o 11 de outubro** de 2005.

**Regra.04** *Lugar e forma da solicitude:*

a) Os alumnos interesados en solicitar o cambio de grupo deberán efectuar unha única solicitude, calquera que sexa a modalidade pola que opten.

b) As solicitudes deberán efectuarse a través da web da Universidade. <https://sec-virtual.usc.es/Secretaria/Login.asp>. Excepcionalmente poderán presentarse tamén en soportes tradicionais, de acordo co modelo que figura como Anexo desta Resolución. Neste caso, a solicitude poderá presentarse indistintamente na Facultade de Dereito ou na Unidade de Xestión Académica do Campus Sur, así como por calquera dos medios establecidos na Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

c) Só no caso que se opte pola modalidade extraordinaria por motivos laborais, os alumnos deberán entregar xunto coa solicitude copia do contrato de traballo, alta na Seguridade Social, nomeamento de funcionario ou certificación acreditativa de desempeño de funcións nas Administracións Públicas. Os alumnos ós que lles sexa concedido o cambio de grupo por este procedemento, deberán presentar antes do día 30 de decembro de 2005 os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC2) dos meses de setembro outubro e novembro, así como resgardo da matrícula. De non presentar a documentación requirida en dito prazo,



b) O cambio de grupo limitarase exclusivamente ás materias para as que se solicitou e se concedeu, non podendo estenderse a outras materias en que se matricule posteriormente.

c) Agás a renuncia prevista para os supostos de solicitude de máis de 60 créditos, nos termos previstos na regra 5, b), 1, tódolos cambios de grupo concedidos por calquera das modalidades reguladas na presente convocatoria serán irrenunciabes.

d) A resolución do Decano sobre concesión e denegación de solicitudes de cambio poderá recorrerse en alzada perante o Rector no prazo dun mes dende que se dictou o acto. Será de aplicación a normativa académica e maila Lei 30/1992 das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

**DISPOSICION FINAL. ENTRADA EN VIGOR.**

Esta resolución entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Taboleiro de anuncios da Facultade.

Santiago de Compostela, a 30 de setembro de 2005

O DECANO

Antonio López Díaz.

**DILIXENCIA**

Para facer constar que a presente resolución foi publicada no taboleiro de Anuncios da Facultade o día 30 de setembro de 2005

O DECANO

Antonio López Díaz

SR. SECRETARIO XERAL; SRS./AS. DIRECTORES DE DEPARTAMENTO DA FACULTADE DE DEREITO;  
SR. XEFE DO SERVICIO DE XESTIÓN ACADÉMICA; SR. RESPONSABLE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS;  
DIRECTOR DO C.O.I.E.; SRA. XEFA DA ASESORÍA XURÍDICA; SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN  
ACADÉMICA DO CAMPUS SUR.; TABOLEIRO.